A virxe e o xitano

Irmás Cartoné, 2017
Título orixinal: *The Virgin and the Gypsy*
Tradución: Lara Domínguez Araújo
Ilustración de cuberta: Carlos Valdés
Deseño e maquetación: Irmás Cartoné
Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-8-6

Dep. Legal: C-2199-2017

Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

D. H. Lawrence

A virxe e o xitano

Tradución de Lara Domínguez Araúxo

CARTONÉ
IRMÁS
2014

Para Frieda

I

Cando a muller do vigairo marchou cun home novo e sen un can, o escándalo chegou a todos os recunchos. As súas filliñas só tiñan sete e dez anos, respectivamente. E o vigairo era tan bo marido... Certo que tiña o pelo cano, pero tamén un bigote moreno, era atractivo e aínda conservaba unha paixón secreta pola súa desenfreada e fermosa muller.

Por que marchou? Por que lle deu por liscar nun relampo de repulsión así, coma un desvarío?

Ninguén deu resposta ningunha. Só a xente devota dixera que aquela era unha mala muller, mentres algunhas mulleres boas gardaron silencio; elas sabían.

As dúas meniñas nunca souberon. Magoadas, decidiron que fora porque a súa nai as consideraba pouca cousa.

O vento doente que non sopra nada bo para ninguén varrera a familia da vigairía nun refacho. Daquela, quen o había dicir, o vigairo, un ensaísta eminente e dado á polémica, cuxo caso espertou tantas simpatías entre os estudosos, foi destinado a Papplewick. O Señor temperara o vento da desgraza cunha reitoría rural no norte.

A reitoral era unha casa de pedra bastante fea ao pé do río Papple, antes de chegar á aldea. Máis adiante, pasado o cruza-

mento do camiño co regato, erguíanse as vellas fábricas de algodón, construídas en pedra, que xacando funcionaran co impulso da auga. Despois a estrada viraba en pendente, cara ás rúas sombrizas e empedradas da aldea.

A familia do vigairo transformouse por completo co traslado á reitoral. O vigairo, agora reitor, levou con el a súa nai anciá, a súa irmá e mais un irmán da cidade. As dúas neniñas tiñan un ambiente ben distinto ao da anterior casa.

O reitor xa tiña corenta e sete anos e exhibira unha dor intensa e non moi digna tras a fuga da súa esposa. Algunhas mulleres compasivas mantivérano a salvo do suicidio. Tiña o cabelo practicamente branco e un aspecto tráxico e enlouquecido. Abondaba con miralo para saber o horrible que fora aquilo e até que punto o prexudicara.

Porén, había unha certa falsidade en todo o asunto. E algunhas das mulleres que compadeceran o vigairo no máis fondo, desprezaban o reitor en segredo. No fin de contas, era dunha arrogancia sospeitosa.

As cativas, por suposto, dese xeito distraído propio das criaturas, aceptaron o veredicto familiar. A avoa, de máis de setenta anos e a quen lle fallaba a vista, converteuse na figura central da casa. A tía Cissie, que pasaba dos corenta, piadosa, pálida e roída por un verme interior, ocupábase da casa. O tío Fred, un home de corenta anos, amarrado e de rostro gris que se limitaba a vivir miseramente para si, ía á vila todos os días. E o reitor, por suposto, era a persoa máis importante, despois da avoa.

Chamábana Madre. Era un deses corpos vellos intelixentes e fisicamente vulgares que fixeran as cousas ao seu xeito toda a vida a base de encherlles a cabeza de vento aos homes. Logo colleu a batuta. O reitor aínda «amaba» a delincuente da súa muller e seguiría a «amala» ata que morrese. Así que, «caladiños!», que

o sentimento do reitor era sagrado. No corazón del consagrara aquela moza pura que desposara e venerara.

No malvado mundo exterior, asemade, paseábase unha muller de mala fama que traizoara o reitor e abandonara as súas filliñas. Agora arrexuntárase cun mozo desprezable, quen sen dúbida lle había traer a humillación que merecía. Que quede ben claro, e logo... caladiños!, que na nobreza pura do corazón do reitor aínda roseaba a flor de neve da súa noiva moza. Esa branca flor de neve non murchaba. Aqueloutro ser, que marchara co mozo desprezable, non era asunto del.

Madre, que se vira dalgún xeito diminuída e insignificante como viúva nunha casa pequena, ascendera agora á butaca principal da reitoral e volvera plantar o seu vello peso con firmeza. Non a ían destronar. Suspiraba, arteira, como tributo á fidelidade do reitor pola súa pura e branca flor de neve, mentres aparentaba desaprobación. En zamurga reverencia ao grande amor do seu fillo, non falou unha mala palabra sobre aquela ortiga que floreaba no malvado mundo e que noutrora se chamara señora de Arthur Saywell. Ningunha muller levaba o apelido do reitor. A pura e branca flor de neve roseaba *in perpetuum,* sen nomenclatura. Até a familia pensaba nela como «quen fora Cynthia».

Todo isto esporeaba a Madre. Garantíalle que Arthur non volvese casar nunca. Tíñao collido pola súa fraqueza máis feble, o seu furtivo amor propio. Casara cunha branca flor de neve imperecedoira. Afortunado, magoárano! Infeliz, sufrira! Que corazón tan grande! E... perdoara! Si, a branca flor de neve foi perdoada. Até a tivera en conta no testamento, mentres aqueloutra mala pécora... pero caladiños!, nada de aproximarse sequera no pensamento a aquela ortiga arrepiante do nauseabundo mundo exterior, a quen fora Cynthia!, que a branca flor de neve floree inaccesible nas alturas do pasado. O presente é outra cousa.

As nenas medraron nesa atmosfera de arteira autosantificación e innomeabilidade. Tamén elas contemplaban a flor de neve en alturas inaccesibles. Sabían que fora entronizada en senlleiro esplendor no alto das súas vidas, para non ser tocada xamais.

Ao mesmo tempo, do mundo sórdido viña ás veces un cheiro rancio e aciago de egoísmo e luxuria depravada, o olor daquela ortiga horrenda, de quen fora Cynthia. A ortiga conseguía, de cando en vez, facer chegar unha notiña ás nenas, as súas fillas. Ante iso a Madre de cabelo prateado axitábase de odio por dentro. Porque se quen fora Cynthia volvía algunha vez, pouco había quedar de Madre. O refacho de odio pasou da avoa ás nenas, fillas daquela ortiga fétida de luxuria, a Cynthia a quen tanto lle prestaba desprezar a Madre.

Mesturado con todo aquilo estaba o recordo nítido da súa verdadeira casa, a vigairía do sur, e da súa atractiva e non moi cumpridora nai, Cynthia. Creara un fulgor, un fluxo de vida, coma un sol veloz e perigoso que entraba e saía da casa o tempo todo. Sempre asociaban a súa presenza ao esplendor pero tamén ao perigo; ao feitizo, mais tamén a un temido egoísmo.

Agora o engado pasara, e a branca flor de neve, coma unha coroa de flores de porcelana, conxelárase na tumba. O risco de inestabilidade, aquel egoísmo singularmente perigoso, coma os leóns e os tigres, marchara tamén. Había agora unha estabilidade total, na que se podía perecer a salvo.

Pero estaban crecendo e, ao medraren, a súa confusión era máis clara, o seu desconcerto, máis activo. Madre, ao envellecer, ía quedando máis cega. Había que a guiar. Non se erguía ata o mediodía. E así e todo, cega ou encamada, termaba da casa.

Ademais, non estaba encamada. Sempre que os homes estaban presentes, Madre ocupaba o seu trono. Era astuta de máis para desatender a súa corte, sobre todo se había rivais.

A súa gran rival era a filla máis nova, Yvette. Yvette tiña algo da alegría despreocupada e distraída de quen fora Cynthia, pero era máis dócil. Se cadra a avoa aínda a collera a tempo. Se cadra!

O reitor adoraba a Yvette, e consentíaa, choucho de cariño por ela; tanto como para dicir: «mira que son bo e indulxente!» Gustáballe ter ese concepto de si mesmo e Madre coñecía as súas debilidades ao milímetro e utilizábaas converténdoas en ornamentos para el, para o seu carácter. El quería verse a si mesmo cun carácter fascinante, igual que as mulleres queren ter vestidos así. E Madre, arteira, puña lunares nos seus defectos e eivas. O seu amor de nai dáballe pistas sobre as súas debilidades e disimuláballas con adornos. Mentres que quen fora Cynthia... pero non a mencionemos, nesta asociación. Aos ollos dela o reitor era gobeludo e parvo.

O curioso era que a avoa odiaba en segredo a Lucille, a filla maior, máis que á mimada Yvette. Lucille, inqueda e irritable, era máis consciente de estar baixo o poder da avoa do que a consentida e distraída Yvette.

Por outro lado, a tía Cissie odiaba a Yvette. Odiaba ata o seu nome. A tía Cissie sacrificara a súa vida por Madre, e sabíao, e Madre sabía que ela o sabía. Porén, co paso dos anos, aquilo virou en hábito. A convención do sacrificio da tía Cissie era aceptado por todos, até pola propia Cissie. Rezaba moito por iso, o que amosaba que tiña os seus sentimentos agochados en algures, a pobre. Deixara de ser Cissie, perdera a súa vida e o seu sexo; e agora que se arrastraba cara á cincuentena, víñanlle uns lampos verdes de ira, e neses momentos, toleaba.

Pero a avoa mantíñaa baixo o seu poder. E o único propósito da vida da tía Cissie era coidar a Madre.

Aqueles lampos verdes de odio infernal emerxían contra todas as cousas novas, ás veces. A pobre rezaba e tentaba obter o

perdón dos ceos pero o que lle fixeran, iso ela non o podía perdoar, e o vitríolo corríalle polas veas de cando en vez.

Non era que Madre fose unha alma amable e cálida. Non o era. Só o parecía, arteiramente. E ese feito fóiselles revelando pouco e pouco ás rapazas. Baixo o seu anticuado capelo de encaixe e o seu cabelo prateado, baixo a seda negra do seu corpo robusto e protuberante, aquela anciá tiña un corazón raposeiro, que procuraba sempre o seu propio poder feminino. E baixo a debilidade dos homes resesos e estancados que criara, mantivo o seu poder, a medida que foi facendo anos, dos setenta aos oitenta, e dos oitenta outra volta cara aos noventa.

Porque na familia había toda unha tradición de «lealdade»; lealdade dos uns cos outros, e sobre todo coa Madre. Ela, por suposto, era o eixe da familia. A familia era o seu propio ego ampliado. Abofé que o cubría co seu poder. E os seus fillos e fillas, febles e desunidos, claro que lle eran leais. Fóra da familia, que había para eles agás perigo, agravios e ignominia? Ben que o experimentara o reitor no seu matrimonio. Daquela, coidado! Coidado e lealdade ao se enfrontaren ao mundo! Que haxa todo o odio e a fricción que se queira dentro da familia. Cara ao mundo exterior, un teimudo valado de unanimidade.

Este libro entrou no
prelo o 19 de febreiro
de 2018